

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE FACENDA

ORDE do 14 de xuño de 2011 pola que se ditan instrucións sobre a xornada de traballo de verán do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día seis de febreiro de mil novecientos noventa, adoptou un acordo relativo ao réxime vixente en materia de xornada laboral e horario de traballo. Nel establécese que a xornada de traballo de todo o persoal funcionario ao servizo da Administración da Xunta de Galicia será de trinta e sete horas e trinta minutos semanais, e que o horario de traballo deberá ser realizado por todo o persoal funcionario entre as 7.45 e as 15.15 horas.

Desde a adopción do citado acordo aprobáronse unha serie de modificacións na lexislación vixente en materia laboral que fan necesario introducir algunhas melloras dirixidas a regular a xornada de verán dunha maneira expresa, co obxecto de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco doutras medidas contidas na vixente lexislación en materia de igualdade, de tal xeito que se facilite que este período coincida co inicio e co remate do curso escolar, sen que isto supoña unha redución na súa duración.

Na súa virtude, no uso das competencias atribuídas polo artigo 14.1 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobada polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo,

DISPOÑO:

Primeiro. *Xornada de traballo de verán.*

1. Durante o período abranguido entre o 20 de xuño e o 20 de setembro de 2011, ambos incluídos, establécese unha xornada intensiva de traballo, a razón de seis horas continuadas de traballo, que se desenvolverá entre as oito horas e trinta minutos e as catorce horas e trinta minutos, de luns a venres.

2. Esta xornada queda condicionada a que os servizos públicos queden debidamente garantidos.

3. Trátase dunha xornada que non supón diminución do horario respecto do persoal ao cal non se lle aplica a xornada de verán, nin ampliación do seu ámbito subxectivo. Non desfrutará desta xornada de verán aquel persoal ao cal non se lle aplicaba o horario de verán e o suxeito a un réxime especial de horario.

Segundo. *Oficinas de información e atención ao cidadán e rexistros.*

Nas oficinas de rexistro e información previstas na disposición adicional segunda, alíneas b) e c) do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, a xornada intensiva de verán desenvolverase, durante o período abranguido entre o 20 de xuño e o 20 de setembro de 2011, ambos os dous incluídos, de oito horas e trinta minutos a catorce horas e trinta minutos, de luns a sábado.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2011.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda